

ORDENANZA FISCAL Nº 3

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER

Artigo 1.º Fundamentos e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer", que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atende ao previsto no art. 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.º Feito impoñible

Constitúen o feito impoñible desta Taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, sinálanse a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para transmisión de licenzas cando cumpra a súa otorgamento, con arranxo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia a parte.
- e) Diligenciamiento dos libros-rexistro das empresas de servizos de transportes reguladas no devandito Regulamento.

Artigo 3.º Suxeito pasivo

Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade a cuxo favor se outorgue e expedición da licenza, ou en cuxo favor se autorice a transmisión da mesma.
2. O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e/ou cuxos libros-rexistro sexan diligenciados.

Artigo 4.º Responsable

- 1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
- 2.-Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art.40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.º Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

CONCEPTOS	EUROS
Epígrafe primeiro.- oncesión e expedición de licenza	
a) Licenzas da clase A	4,81
b) Licenzas da clase B	6
c) Licenzas da clase C	7,21
Epígrafe segundo.- utorización para transmisión de licenzas	
a) Transmisión "inter vivos":	
1. De Licenzas da clase A	6,61
2. De Licenzas da clase B	7,21
3. De Licenzas da clase C	7,81
b) Transmisión "mortis causa":	
1. A primeira transmisión de calquera clase en favor dos herdeiros forzosos	4,81
2. Ulteriores transmisións das referidas licenzas	6
Epígrafe terceiro.- ustitución de vehículos	
a) De Licenzas da clase A	3,01
b) De Licenzas da clase B	3,61
c) De Licenzas da clase C	4,21
Epígrafe cuarto.- evisión de vehículos	
a) Revisión anual ordinaria	---
b) Revisión extraordinaria, a instancia de parte	---
Epígrafe quinto.- ilixenciamiento de libros-rexistro	
a) Empresas titulares de licenzas, obrigadas a elo	---

Artigo 6.º Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da Taxa.

Artigo 7.º Devengo

1.-Devéngase Taxa e nace a obrigaón de contribuír, nos casos sinalados nas letras a), b) e c) do artigo 2.º, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión ou a substitución do vehículo.

2.-Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciamiento de libros-rexistro, a Taxa se devengará no momento en que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude dos mesmos.

Artigo 8.º Declaración de ingreso

1.-A relación das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Taxa levaráanse a cabo a instancia de parte.

2.-Todas as cotas serán obxecto de liquidación para ingreso, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes ao seu pago no prazo establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.º Insfraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que á mesma correspondan en cada caso, estarase ao disposto no artigo 77 e vixentes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vinte e catro de novembro de dous mil uno, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincial, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.



A presente ordenanza Fiscal publicouse no [Boletín Oficial da Provincia da Coruña num. 19 do 23 de xaneiro de 2002.](#)